

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 11 DE SETEMBRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día once de Setembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Perez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.
Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 4 de Setembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS SEÑORES CIDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A comisión municipal de goberno, coñece os seguintes:

Da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Convenio para o recoñecemento da validez académica do Conservatorio de Ribadavia.

Da Dirección Xeral de Ensinanzas Profesionais e Formación de Adultos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, concedendo subvención por importe de 1.400.000 pesetas para actividades de alfabetización e formación de adultos para o ano 1995.

Convenio de colaboración entre o Concello e o Centro de Estudos Medievais polo que se facilitan dúas persoas para a atención de visitas guiadas no servizo de información turística do Concello para os meses de Xullo, Agosto e Setembro.

Do Goberno Civil, comunicando imposición de sanción ó establecemento público, expediente 398/95.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Agosto presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la facturación remitida por Fenosa, correspondente ó mes de Xullo do corrente ano, que ascende á cantidade de 953.349 pesetas; así mesmo acorda tamén o aboamento de 800.000 pesetas en concepto de atrasos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón de contribuíntes por cuotas do Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Actividades Empresariais, Profesionais e Artísticas, correspondentes ó ano 1995.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a ssesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.